

Xestionado por [Vieiros](#)

CON 'O CANTO DOS PEIXES'

Marcos S. Calveiro gaña o premio Barco de Vapor

O xurado estivo formado por Xavier Senín, Manuel Figueiras e Isabel Soto.

Redacción - 18:20 15/09/2008

A literatura dirixida ao público xuvenil segue dándolle alegrías e premios a [Marcos Sánchez Calveiro](#). *O canto dos peixes* fixose coa edición 2008 do premio Barco de Vapor, outorgado pola [editorial SM](#). O pasado ano Calveiro fixérase co premio Ala Delta con *O carteiro de Bagdad*, converténdose no primeiro autor que se facía con este galardón cunha obra escrita orixinalmente en galego.

Nesta ocasión, o xurado do premio *Barco de Vapor*, formado por Xavier Senín, catedrático de Bachelato, Manuel Figueiras, especialista en Literatura Infantil e Xuvenil, e Isabel Soto, crítica literaria e tradutora, premiou a súa novela *O canto dos peixes*. Na acta, o xurado destacou que o autor "a través de numerosas referencias literarias reivindica a importancia do mar para a sociedade galega que, en ocasións, lle deu as costas".

Trátase dunha novela contemporánea que relata a amizade entre un vello mariño e un neno marxinal. É unha historia con matices fantásticos e cunha trama simbólica sobre un mar que morreu. Eles tentarán descubrir o esconxuro que poida poñer fin a esta maldición.